



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de mejora de la seguridad viaria en la N-120 a su paso por el Concello de Cenlle.**

La carretera N-120 a su paso por el Concello de Cenlle presenta varios puntos de riesgo para la población, especialmente en parroquias donde se producen numerosos desplazamientos a pie. Por este motivo, es preciso mejorar las medidas de seguridad viaria para proteger a las personas viandantes, para lo que es preciso instalar pasos de peatones elevados o pasos a nivel regulados por semáforos, con el objetivo de garantizar la seguridad de las personas en el momento de atravesar la vía, o bien para reducir la velocidad de los vehículos y facilitar el tránsito seguro.

Los vecinos y vecinas de los diferentes núcleos de población del Concello de Cenlle reclaman actuaciones en los puntos más conflictivos, lugares en los que resulta prioritaria la instalación de medidas de protección para las personas que circulan a pie.

Por lo tanto, es preciso, en primer lugar, mejorar la seguridad de los peatones en el núcleo de **Barbantes**, en el que existe solo un paso de peatones frente al acceso a la estación de tren, cuando sería necesario instalar al menos otro para facilitar el tránsito en distintos puntos. Como ya hemos dicho, la velocidad de los vehículos recomendaría que los nuevos pasos de peatones se elevaran o bien se instalasen a nivel y estuvieran regulados con un semáforo a demanda o que se active en caso de que se supere la velocidad máxima de la vía para facilitar el tránsito de los viandantes.

Otro núcleo donde es importante reforzar la seguridad vial en la N-120 es **Laias**, con una travesía larga en recta que precisaría incorporar también pasos elevados para peatones o pasos regulados con semáforo para garantizar la seguridad de las personas en el momento de atravesar la carretera.

Lo mismo sucede en el municipio de **Razamonde**, en el que la vecindad reclama la instalación de dos pasos de peatones, ya sean elevados o bien pasos con semáforos.



Por otra parte, en los núcleos de **Xubín** y **Trasariz**, también atravesados por la N-120, es preciso también acometer actuaciones de mejora e instalar su respectivo paso de peatones elevado o regulado con semáforo.

Estas medidas permitirán mejorar la seguridad vial, se adaptarán a las normas de tráfico y ofrecerán a la ciudadanía unas condiciones más adecuadas y seguras para su movilidad diaria.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Es conocedor el Gobierno de la necesidad de mejora de las medidas de seguridad vial en la N-120 a su paso por el Concello de Cenlle, especialmente en los municipios de Barbantes, Laias, Rozamonde, Xubín y Trasariz?
2. ¿Es usted consciente que se trata de lugares con alta movilidad peatonal y que la falta de elementos seguros que permitan a los peatones cruzar la vía pone en riesgo su integridad?
3. ¿Está de acuerdo en que se precisan medidas para regular el tráfico y la velocidad de los vehículos, así como que protejan el paso seguro de los peatones?
4. ¿No sería oportuno instalar en los núcleos ya citados de Barbantes, Laias, Rozamonde, Xubín y Trasariz elementos de seguridad que permitan a los viandantes cruzar con seguridad?
5. ¿Se instalarán en los lugares citados pasos de peatones elevados o pasos a nivel regulados por semáforos a demanda o con control de velocidad que den garantías a las personas, especialmente a las personas mayores, al cruzar la carretera de un lado a otro?

Madrid, a 17 de septiembre de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 SEP. 2025 17:42:48

Entrada **80138**

Pregunta sobre a mellora da seguranza viaria na N-120 ao seu paso polo Concello de Cenlle

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de mellora da seguranza viaria na N-120 ao seu paso no Concello de Cenlle.**

A estrada N-120 ao seu paso polo Concello de Cenlle presenta varios puntos de risco para a veciñanza, especialmente nas parroquias en que se producen numerosos desprazamentos a pé. Por este motivo, é preciso mellorar as medidas de seguranza viaria para protexer ás persoas viandantes, para o que é preciso instalar pasos de peóns elevados ou pasos a nivel regulados por semáforos, co obxectivo de garantir a seguranza das persoas no momento de atravesar a vía, ou ben para reducir a velocidade dos vehículos e facilitar o tránsito seguro.

Os veciños e veciñas dos distintos núcleos de poboación do Concello de Cenlle demandan actuacións nos puntos máis conflictivos, lugares en que resulta prioritaria a instalación de medidas de protección das persoas que circulan a pé.

Así, é preciso en primeiro lugar mellorar a seguranza peonil no núcleo de **Barbantes**, en que existe só un paso de peóns diante do acceso á Estación de tren, porén, sería preciso instalar cando menos outro para favorecer o tránsito en distintos puntos. Como xa dixemos, a velocidade dos vehículos recomendaría que os novos pasos de peóns fosen elevados ou ben de instalarse a nivel que estiveran regulados cun semáforo a demanda ou que se active en caso de que se supere a velocidade máxima da vía para facilitar o tránsito das e dos viandantes.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 SEP. 2025 17:42:48

Entrada **80138**



Outro núcleo no que é importante reforzar a seguraza viaria na N-120 é o de **Laias**, cunha travesía longa en recta que precisaría de incorporar tamén pasos elevados para os peóns ou ben pasos regulados con semáforo para garantir a seguraza das persoas no momento de atravesar a estrada.

O mesmo sucede no lugar de **Razamonde**, en que a veciñanza reclama a instalación de dous pasos de peóns, ben pasos elevados ou ben pasos con semáforo.

Pola súa parte, nos núcleos de **Xubín** e **Trasariz**, tamén atravesados pola N-120, é preciso acometer tamén actuacións de mellora e instalar cadanseu paso de peóns elevado ou regulado con semáforo.

Estas medidas permitirán mellorar a seguridade viaria, adaptarse ás normas de tráfico e ofrecer á cidadanía condicións máis adecuadas e seguras para a súa mobilidade cotiá.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. É coñecedor o Goberno da necesidade de mellora das medidas de seguraza viaria na N-120 ao seu paso polo Concello de Cenlle, especialmente nos lugares de Barbantes, Laias, Rozamonde, Xubín e Trasariz?
2. É consciente de que se trata de lugares cunha alta mobilidade peonil e que a falta de elementos seguros que permitan atravesar a vía polos peóns pon en risco a súa integridade?
3. Comparte que se precisan de medidas que regulen o tráfico e a velocidade dos vehículos así como que protexan o tránsito seguro das e dos peóns?
4. Non sería oportuno instalar nos citados núcleos de Barbantes, Laias, Rozamonde, Xubín e Trasariz elementos de seguraza que permitan o cruzamento seguro das e dos viandantes?



5. Instalará nos citados lugares pasos de peóns elevados ou ben pasos a nivel regulados por semáforos a demanda ou con control de velocidade que dean garantías ás persoas, especialmente ás máis idosas, á hora de atravesar a estrada dunha marxe a outra?

Madrid, a 17 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso